

HALLOWEEN

A orixe é moi parecida, trátase dunha festividade pagana "reconvertida" polo cristianismo en festividade relixiosa que co paso dos séculos se transformou nunha das celebracións de maior importancia na cultura saxona.

A orixe real está na cultura celta, onde os seus sacerdotes, os druídas, practicaban rituais relixiosos e de maxia o día que para eles marcaba o final do verán e do ano, para entrar no mundo da escuridade, o inverno. Esta data coincidía co 31 de outubro actual. Para celebralo, os celtas facían grandes lumes e vestían roupas para asustar aos malos espíritos que pensaban saían das súas tumbas esa noite a dar a benvinda á chegada da oscuridade, e alumeaban as súas casas con rábanos furados con lume dentro. A esta festa chamábanlle "**Samhain**".



Coa invasión das Illas Británicas por parte dos romanos no ano 43, a festa transformouse nunha celebración tamén da colleita e misturáronse ambas tradicións. Os cristiáns, de gran influencia en Irlanda, substituíron as costumes pagáns por costumes relixiosas e así a festa de Samhain pasou a celebrarse en dous días: o 1 de novembro denominouse Día de Todos os Santos, *All Hallows' Day*, en inglés, e a véspera, o Día de Defuntos, *All Hallows' Eve*, que co tempo evolucionou á actual palabra, **Halloween**.

No século XIX, a hambruna causada pola escasez de patacas nun país tan pobre como era Irlanda, causou a morte dunha gran parte da súa poboación e a emigración doutra parte, eses partiron principalmente cara aos Estados Unidos levando a súa relixiosidade e as súas costumes, entre elas, a celebración de Halloween. Xa alí, descubriron que non era doado encontrar os rábanos, pero que había gran cantidade de cabazas e que eran máis fáciles de vaciar para decorar. Estas cabazas decoradas chamáronse "*jack o'lanterns*". E o resto da historia é fácil de adiviñar, coa supremacía política, económica e social dos Estados Unidos no século XX, e o poder do cine sumado, a tradición pasou a ser coñecida e adaptada a moitos outros países, onde as celebracións dese día eran outros. Pero non debemos esquecer que aquí tamén celebramos Defuntos e Todos os Santos, tamén dándolle protagonismo ao produto recollido nesas datas, e base da alimentación tradicional galega durante séculos, a castaña, aínda que estamos a cambiar os colares delas, magostos, visitas aos nosos cemiterios, por festas nocturnas de disfraces e cabazas decoradas.